

Nacional-catolicismo: Ideoloxía que defende que a vida política, social e cultural debe estar sometida ás directrices da Igrexa católica. Foi unha das bases ideolóxicas do réxime franquista, que contou co apoio e aprobación da Igrexa católica. A xerarquía eclesiástica xustificou e aceptou a autoridade de Franco como Caudillo de España pola graza de Deus, e a cambio impuxo o seu control sobre a moral, os costumes e a educación.

Sección Feminina: creada en 1934 por Falanxe e presidida por Pilar Primo de Rivera potenciou o modelo feminino durante o franquismo caracterizado pola pasividade e nula participación pública fomentando o labor da muller ao coidado da casa, á familia e aos servizos sociais. Para o seu adoutrinamento creouse en 1937 o Servizo Social, que impoñía a prestación obrigatoria de traballos sociais para todas as mulleres durante seis meses.

Sindicato vertical: Foi a única organización sindical legal que existiu en España dende 1940 ata 1977. Todos os traballadores e empresarios, estaban obrigados por lei a estar afiliados ao Sindicato Vertical. Tomou como referencia a organización sindical do fascismo italiano. Nos anos sesenta organizacións clandestinas como Comisións Obreiras infiltráronse no seu seo.